

TERAPEUTA HUMANISTA

"O primeiro que fixen foi participar activamente na coordinación das Brigadas Estudantís de Base en Bogotá, encargándome de coordinalas e de dirixir os plans de estudo de textos marxistas que eran escritos na montaña polos líderes guerrilleiros. Ao mesmo tempo comecei a participar en accións militares, para o que recibín formación militar de tiro, de manexo de explosivos e de supervivencia na selva. Eu era un excelente estudante e tiña boísimas notas, pero comecei a abandonar os meus estudos e dedicarme cada vez máis a estas tarefas".



Nacín en Armenia, no centro de Colombia, nunha cidade que foi fundada en 1889, froito do que se chamou en Colombia a colonización antioqueña, é dicir, grupos de familias dun lugar máis ao norte que decidiron partir para colonizar unhas terras virxes que estiveran habitadas polos indíxenas 300-400 anos antes.

Meus pais casaron xoves con toda a inexperiencia do mundo e tamén con todas as expectativas postas un sobre o outro, pero non funcionou moi ben. Ao cabo dalgúns anos era moi evidente que había moitas insatisfaccións entre eles os dous, desgustos, pelexas, infidelidades de parte de meu pai, até que se instalou unha distancia fría e tolerante onde cada un tiña un rol, meu pai era o provedor e miña nai era quen traballaba na casa e educaba e criaba aos fillos, fomos catro, eu son o segundo, tres varóns e unha nena.

Unha cuestión que marcou a miña infancia foi a ausencia de meu pai, cando se deu conta que con miña nai non tiña futuro afectivo senón infelicidade, marxinouse afectivamente dos seus fillos e da súa esposa e sufrín moito esa distancia de meu pai ao tempo que sufría o abuso de poder de miña nai porque ela era todo na casa, ela era o criterio de autoridade.

Nesas condicións, ante a ausencia afectiva de meu pai (inda que facía unha presenza económica e ía todos os días á casa) ocorreu algo, meu irmán maior asumiou o rol paterno co consentimento de miña nai e coa tolerancia de meu pai. Un rol paterno autoritario de moita agresividade que provocou que ao mesmo tempo desenvolvera un conflito moi grande respecto de meu irmán maior, porque consideraba que usurpara un poder que non lle correspondía e secretamente alieime con meu pai contra o que eu vía que era a alianza de miña nai con meu irmán maior.

Era a década de finais do 60, principios dos 70 e a revolución cubana non estaba lonxe, fora en 1959 e, para ese momento, Fidel Castro tiña decretado o carácter socialista da Revolución cubana e os aires de revolución espalláranse por toda América Latina.

En Colombia nos primeiros anos sesenta creáranse as FARC prosovieticas, o ELN procubano (Exército de Liberación Nacional) e o EPL prochinés (Exército Popular de Liberación). Así comecei eu a buscar no marxismo unha ideoloxía que xustificara o meu enardecedemento e atopeino, o marxismo dábame todo ese contexto, esas xustificacións, esas razóns, esa teoría, esos motivos, esas explicacións e unha linguaxe para canalizar o meu enardecedemento nunha acción política.

Decidín ir traballar cos indíxenas tan pronto rematei o bacharelato, e estiven traballando con eles un ano no sur do país case na fronteira con Venezuela e a selva, nos Llanos Orientais. Estiven ensinando matemáticas e algo de castelán aos nenos para que puideran defenderse dos colonos colombianos, que se aproveitaban da ignorancia dos indíxenas para estafalos e roubarles. Máis tarde escollín Socioloxía como carreira universitaria e logo comecei Comunicación Social e Xornalismo. Na facultade fixemos un grupo de estudio cun mozo maior ca min que coñecera alí e que estaba en semestres superiores, este grupo de estudio era unha célula de apoio ao EPL (Exército Popular de Liberación), unha célula estudiantil que preconizaba a loita armada como a única vía posible para facer a revolución e o cambio social que precisaba Colombia. Naquel momento a vía das eleccións e do cambio pacífico estaba morto en Colombia, porque a oligarquía controlaba totalmente o sistema electoral e non dubidada en falsificar os resultados, polo tanto, era precisa a vía armada para derrocar á oligarquía e poder instaurar unha sociedade más democrática, más xusta; eu naquel momento pensaba igual.

Ao mesmo tempo participabamos en accións antiimperialistas na rúa cos estudiantes, pedradas, bombas molotov, estas cousas. Xustamente nunha dasas accións cando teño vinte e un anos recen cumpridos fun detido pola policía e, coa miña detención, chegaron as ameazas de morte, os golpes e o revólver na cabeza.